A cultura é un medio que os individuos empregan para canalizar as súas expresións e inquedanzas en liberdade, para o lecer dos demais ou para o enriquecemento artístico.

En Galicia, ao abeiro do Estatuto de Autonomía de 1981, o executivo autonómico procurou tradicionalmente potenciar a creación artístico-cultural de Galicia, e fixo especial fincapé na que se desenvolve en lingua galega. Tratábase de compensar a marxinación tradicional que tivera a cultura galega durante os anos da ditadura franquista. A intervención pública procuraba que a cultura propia do país superase o seu tradicional papel secundario e que Galicia contase cun rico panorama cultural.

Durante estas tres décadas, o goberno galego asumiu diversas competencias cedidas polo executivo central e creou expansivamente organismos dependentes da administración coa idea de coordinar mellor a súa tarefa e de atender de maneira axeitada as necesidades do sector. Hoxe podemos ver as limitacións desta política e propoñer mudanzas.

Os e as creadoras de xeito individual e a súa organización empresarial no sector das industrias culturais galegas está na actualidade caracterizado pola súa atomización en microempresas febles e extremadamente dependentes da administración pública.

Un política cultural que crea na liberdade debe darlle un maior protagonismo á sociedade. A cultura, como xa advertira o polifacético Castelao, non entende de política. A cultura é un patrimonio dos cidadáns dunha sociedade. Converxencia XXI propón as seguintes cuestións para mellorar a actuación dos poderes públicos en relación coa cultura.

A) A creación cultural

Dado o clima económico actual, non é unha opción, senón un deber, que a administración retire os seus investimentos e gastos do sector cultural. Porén, as malas prácticas políticas de desbaldimento e paternalismo públicos levaron a unha situación en que, de retirarse o capital achegado pola administración, o golpe ao sector cultural galego vai ser dramático: o sector editorial, o sector teatral, o sector musical, o sector audiovisual e o sector artístico, por citar só os máis importantes, repousan tanto no osíxeno do sector público que unha necesaria contracción vai crear numerosos desempregados, emigración, e perda dun capital intelectual e humano importante.

Por iso é necesario:

- simplificar os trámites administrativos para a creación, disolución, fusión e coordinación de empresas, co fin de impulsar un tecido empresarial forte. Así mesmo, simplificar e axilizar os trámites administrativos para o acondicionamento de locais de creación e exhibición cultural.

- simplificar, reformar e reducir as cargas fiscais dos traballadores autónomos para combater a fraude e ao mesmo tempo facilitar a creación artística dos cidadáns.

- suprimir os organismos públicos de creación cultural, que carecen de sentido no contexto actual: Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego, orquestras

sustentadas con fondos públicos, etc.

- poñer a disposición dos cidadáns os recursos culturais atesourados pola administración durante os últimos anos da forma máis eficaz posible e, en particular, espazos para a exhibición e espazos para a creación. De carácter xeral, estes recursos deberían ser distribuídos de forma transparente e democrática.

- facilitar, de forma transitoria, financiamento en forma de créditos brandos, mentres o mercado bancario non se desapalanque e liberalice e a capacidade de crédito privado sexa inexistente.

B) As subvencións

A política subvencionadora dos últimos anos levou o noso sector cultural a un estado de agonía económica e mesmo quizais tamén creativa. De forma rápida e progresiva, a administración debe retirar capital do sector cultural a través de subvencións á oferta, das que se beneficiaban fundamentalmente os cidadáns que xa podían, cos seus recursos, dirixir o seu consumo ao sector cultural.

Porén, non se debe esquecer que a cultura non é só un motor económico. Para unha gran parte da cidadanía o acceso a bens culturais é un sinal de mobilidade social, de formación, de promoción persoal e de educación. Así, a administración debería garantir que as persoas con menos recursos poden tamén acceder aos bens culturais, se é que esta é a súa vontade. A disposición con carácter transitorio de axudas á demanda en forma de cheques culturais, permitiría a sustentabilidade de bibliotecas e servizos básicos, que serían de pagamento para unha parte dos cidadáns e de pagamento reducido ou gratuítos, para as persoas con menos recursos.

C) O patrocinio e o mecenado

A administración ten aínda unha responsabilidade para xestionar correctamente a súa retirada do sector público e ser substituída polo capital privado. Dende a Conferencia de Sintra (1987) son moitos os países de Europa que revalorizaron a práctica do mecenado. Sen embargo, a súa importancia en Galicia é aínda pequena. Dende a lexislación débense tomar as medidas necesarias para estimular esta práctica. Coidamos que é necesario un tratamento fiscal anovador ás doazóns de empresas e particulares establecendo a posibilidade do pagamento de impostos hereditarios por esta práctica.

Pola súa banda, algunhas empresas ven nas actividades de patrocinio un bo instrumento de comunicación e de prestixio, e supón un axeitado medio de asegurar a inxección de capital que axude a cultura. Se queremos facer da cultura unha fonte de riqueza, a entrada ou consolidación no sector de axentes empresariais é absolutamente necesario. Mais nun tecido empresarial como o galego, dominado por pemes e micropemes, a lexislación debe contemplar o camiño que vencelle tamén na pequena escala o mecenado das pequenas empresas co desenvolvemento das accións culturais.

D) A internacionalización

A Axencia Galega das Artes Industrias Culturais (Agadic) debe reformular o seu rol, encamiñando prioritariamente o seu traballo cara á internacionalización das producións culturais galegas. Este traballo debe facerse coas seguintes premisas:

o papel da administración na internacionalización do sector cultural, ao igual có doutros sectores, debe ser o de facilitar o labor das empresas e entidades privadas do sector, non marcarlles axendas, preferencias ou países de destino.

a administración debe establecer axudas, de carácter transitorio, para o inicio da internacionalización, e nunca para actividades de mantemento: acceso a novos mercados, introdución de produtos e bens culturais, etc., mais non xiras anuais.

estas axudas deberían ser, na medida do posible, con carácter de préstamo, e non como subvencións, se ben é de comprender a existencia dun sistema mixto con carácter temporal, onde as subvencións vaian perdendo o seu peso progresivamente.

E) A protección do patrimonio

A conservación e xestión do patrimonio histórico, artístico e arqueolóxico está rexido en Galicia pola Lei de Patrimonio Histórico Español a nivel de Estado, e a Lei de Patrimonio Cultural a nivel autonómico. As funcións que ambas disposicións reservan aos poderes públicos son facilitar o acceso á vida cultural, salvagardar e enriquecer o Patrimonio e castigar os delitos que atenten contra el e a circulación ilícita dos bens que o integran.

Con todo, a distancia temporal permite avaliar os resultados e carencias desta lexislación: lesiva dispersión normativa con disposicións de departamentos gobernamentais que se ignoran mutuamente; conflitos de competencias entre as distintas administracións públicas; indefinicións entre a titularidade, o dominio público e a propiedade dos bens integrantes do Patrimonio; a lenta acción das administracións para evitar agresións e, en xeral, a mala xestión; e a falta de proxectos que fomenten a implicación de sectores sociais.

A política neste ámbito debe centrarse en tres piares: conservación, xestión e difusión. Dende Converxencia XXI cremos que as políticas de protección do Patrimonio Cultural deben incluír a todos os axentes da sociedade, que é a titular colectiva do mesmo. Tamén cremos necesaria unha reforma da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia do ano 1995 que entre outros aspectos abra o sector á colaboración do capital privado.

Xunto coa simplificación administrativa e as medidas a prol do mecenado e o patrocinio, que no relativo ao Patrimonio tamén deben ter un papel destacado, pódense ensaiar outras vías:

- O desenvolvemento de **proxectos mixtos**: son unha vía intermedia que pode ser un bo recurso se o concibimos como un primeiro paso á entrada do capital privado. As sociedades de capital mixto público-privado constituídas para a conservación e posta en valor do patrimonio tiveron un forte pulo a finais dos anos 1990 en Italia, país cun amplo e rico patrimonio e que ten no turismo cultural unha importante vía de ingresos. Estas sociedades cun capital aberto á adquisición de accións por

suxeitos privados e a inversores estranxeiros, sostén e xestiona moitas mostras do patrimonio e recibe os seus ingresos das entradas a museos, monumentos e sitios arqueolóxicos. Unha primeira experiencia na que desenvolver este camiño de maneira piloto pode ser a Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico. Tamén é unha formula interesante para a xestión de museos.

- **Apoio ás iniciativas** cidadás: especialmente importantes para a concienciación social e a difusión do Patrimonio, este activismo demostra ter máis axilidade que os organismos públicos. A súa tarefa é moi importante en países como Gran Bretaña onde as asociacións en defensa do patrimonio son as propietarias de boa parte dos bens. Galicia foi berce recente de diferentes proxectos cidadáns en prol do Patrimonio, a colaboración con eles pode ser un útil instrumento para a aumentar a sensibilidade social na materia e para axudar ás administracións públicas na catalogación e a conservación por medio do voluntariado.

Deste xeito, o sector público, liberado dalgunhas das súas cargas, deberá centrarse na salvagarda efectiva do Patrimonio, velar que os implicados cumpran as súas obrigas e que non descoiden o seu cometido, coordinar os axentes participantes e poderá actuar de forma rápida na defensa do Patrimonio e supervisar as operacións que lles afecten aos bens. Nesta tarefa a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural deberá contar con especialistas na xestión cultural e económica para dinamizar e optimizar a xestión que se reserve ás autoridades públicas.

A) A liberdade do coñecemento

A creación cultural exércese a partir do coñecemento e as prácticas culturais anteriores. Ao longo da historia a cultura maioritariamente fíxose e evoluíu así, e as posibilidades tecnolóxicas da cultura dixital fan que non só o artista preferido dos monarcas, senón calquera, reutilice os contidos culturais anteriores para a propia creación artística.

Así, cremos necesarios os cambios políticos e legais que permitan:

- a liberación no dominio público de todo o material cultural que atesoura a administración, dispoñendo arquivos audiovisuais e textuais de forma libre e aberta á cidadanía, en especial daquel que encargou, financiou e publicou restrinxidamente a administración.

- un modelo cultural onde se despenalice a cultura da remestura e da recreación, en particular para uso privado ou artístico.

- os cambios legais que permitan reducir o peso da propiedade intelectual (non transferencia a herdeiros, liberación total en contextos educativos, liberdade para os creadores de dispor a vontade dos seus dereitos de propiedade, etc.)

- melloras fiscais para os creadores que decidan compartir e difundir as súas creacións con licenzas abertas, sen que por iso se restrinxa a súa capacidade libre de viviren e conseguiren a súa mantenza a partir do seu traballo.